



O PENTÁGONO E O HEPTÁGONO REGULARES

INTRODUCCIÓN

- **Polígono regular:** polígono que ten todos os seus lados e ángulos iguais.

PRÁCTICA Nº : PENTÁGONO E HEPTÁGONO DADO O LADO

1. **Construcción do pentágono regular coñecido o seu lado de 50mm:** Sobre unha semirrecta sitúase un segmento AB de medida igual ao lado. Con centro nos extremos A e B trázanse dous arcos de igual raio que se cortan en R e S. Debúxase a mediatriz, atopándose O, punto medio do lado. Polo extremo B levántase unha perpendicular. Con centro en B e raio o lado trázase un arco que corta á citada perpendicular no punto M. Con centro en O, punto medio do lado, débúxase un arco de raio OM que corta á prolongación do lado no punto N. O segmento AN é igual á diagonal do pentágono. De seguido, con centro en A trázase un arco que corta a un anterior no vértice C e á mediatriz no vértice D. Logo faise centro en B e débúxase pasando por D outro arco de raio a diagonal. Por último, con centro en A trázase un arco de raio o lado que corta ao anterior no vértice E. Unidos os vértices A, B, C, D e E obtemos o pentágono.



2. **Construcción do heptágono regular coñecido o seu lado de 40mm:** Sobre unha semirrecta sitúase un segmento AB de medida igual ao lado. Con centro nos extremos A e B trázanse dous arcos de igual raio que se cortan en R e S. Debúxase a mediatriz. Leváanse unha perpendicular por B. Con raio o lado e centro en A e B trázanse dous arcos que se cortan no punto M. Únese M con A e débúxase a recta bisectriz do ángulo en A, que corta á perpendicular por B no punto N. Con centro en A e raio AM trázase o arco que corta á mediatriz no punto O, centro da circunferencia circunscrita ao polígono. Faise centro en O e débúxase a circunferencia pasando por A e B. Por último, a partir do punto B lévase a medida do lado atopando os vértices C, D, E, F e G.